

## ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA

A Comisión Informativa de Cultura reúne no Pazo provincial ás 12,22 horas do día 21 de abril de 2023, baixo a Presidencia de: **D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e coa asistencia dos seguintes deputados/as: **DONA IRIA LAMAS SALGUEIRO EN SUBSTITUCIÓN DE DONA MARÍA VICTORIA ALONSO MÉNDEZ, DONA ANA MARÍA MEJIAS SACALUGA, D. MANUEL GÓNZALEZ MARTÍNEZ, D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ EN SUBSTITUCIÓN DE D. CARLOS LÓPEZ FONT, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, DONA NOEMÍ OUTEDA PROL, DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS, D. GREGORIO AGÍS GÓMEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JORGE CUBELA LÓPEZ, D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ, DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ, D. IGNACIO MARIL PARDO, DONA MARÍA ELENA ESTÉVEZ FREIRE, D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS, D. JAVIER TOURÍS ROMERO, DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA**, actúa como Secretario D. Antonio Santos Guerra, xefe do Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose o seguinte acordo:

### **1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Non existindo reparo algún, apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 24 de marzo de 2023.

### **2.- DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS PARA A PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DOS PRIMEIROS PREMIOS ANUAIS #CULTIVACULTURA DE CREACIÓN DE PROXECTOS EXPOSITIVOS NAS SALAS DA SEDE DA DEPUTACIÓN EN VIGO (EXPED. 2023004797)**

A presidencia informa sobre as bases reguladoras para a participación na convocatoria dos primeiros premios anuais #Cultivacultura de creación de proxectos expositivos nas salas da sede da Deputación en Vigo, aprobadas por resolución presidencial núm. 2023002389 de 23 de marzo de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 60 de 27 de marzo de 2023.

A finalidade desta convocatoria é premiar, poñer en valor e recoñecer artistas, comisarias, comisarios, xestoras e xestores culturais dos circuítos profesionais que realicen proxectos expositivos, exposicións ou instalacións sobre calquera disciplina de creación artística que poidan ser exhibidos e gozados polo público da provincia na sede de Vigo da Deputación de Pontevedra. A contía consignada para esta convocatoria de premios ascende a un total de quince mil (15.000,00) euros, que se financiarán con cargo á aplicación 23/330.3340.481.01 do Orzamento provincial

### **3.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se produciron.

E non habendo mais asuntos que tratar e sendo as 12,25 horas do mencionado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

